

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E DIFERENTES MEDIOS DE COMUNICACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou con distintos medios de comunicación (Corporación La Voz de Galicia, S.A., Faro de Vigo, S.A., La Opinión de La Coruña, S.L., EPI Prensa SLU; El Progreso de Lugo, S.L., La Región, S.A., Rías Baixas Comunicación S.A., Lérez Ediciones, S.L.; e La Capital, S.L.) os instrumentos convencionais arriba referidos por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto colaborar para o desenvolvemento de accións de promoción e difusión de programas educativos co obxectivo de reforzar e contribuír á formación da comunidade educativa e dar a coñecer aos galegos as actividades formativas e divulgativas que se executen nos centros docentes da nosa Comunidade Autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentase no seguinte:

Primeiro.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é conforme o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Terceiro.- As partes son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Cuarto.- Que tendo en conta a gran repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación son instrumentos moi eficaces, tanto para dar a coñecer a labor e actuacións que no ámbito do aprendizaxe comunicativo se desenvolve nos centros educativos de forma que poida ser comprendido da mellor maneira posible pola cidadanía, como para o aprendizaxe de habilidades e capacidades comunicativas do alumnado, polo que a súa colaboración é imprescindible. Os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, polo que son un instrumento esencial para dar resonancia social ao traballo e acontecementos que se desenvolve no ámbito educativo da nosa Comunidade Autónoma.

Quinto.- As partes asinantes teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar para o desenvolvemento de accións de promoción e difusión de programas educativos co obxectivo de reforzar e contribuír á formación da comunidade educativa e dar a coñecer aos galegos as actividades formativas e divulgativas que se executen nos centros docentes da nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria xustificativa, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O secretario xeral técnico,

Manuel Vila López

